



FACULTADE DE CIENCIAS

PLAN

de

CAPTACIÓN DE ESTUDANTES

**(Promoción e Divulgación das
titulacións do Centro)**

Curso 2017-18

Setembro 2017

ÍNDICE

1.- Obxectivos

2.- Unidade organizativa responsable

3.- Planificación de actividades – Graos

3.1.- Cargos responsables

3.2.- Actividades a desenvolver

3.3.- Relación de participantes

4.- Planificación de actividades – Mestrados

4.1.- Cargos responsables

4.2.- Actividades a desenvolver

4.3 Relación de participantes

1. Obxectivo.

Co obxectivo de captación de alumnado para as titulacións que se imparten no centro, ao longo do curso 2017-2018 realizarase unha nova campaña de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se imparten na Facultade de Ciencias acordes co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación.

2. Unidade organizativa responsable.

Facultade de Ciencias.

3. Planificación de Actividades – Graos.

3.1 Cargos responsables.

Decano Facultade.

Coordinadora do Programa a Ponte na Facultade de Ciencias.

Coordinadores Graos.

3.2 Actividades a desenvolver.

- a) Contactos cos Centros de ensino para asistencia de profesores da Facultade ós mesmos ou planificación de visitas ós laboratorios da Facultade dentro das xornadas “Ciencia para xoves investigadores”.**

No presente curso académico manterase o contacto cos institutos que nos visitaron en anos anteriores para participar nas xornadas “Ciencia para Xoves Investigadores”, actividade que ten como obxectivo potenciar o interese dos alumnos pola ciencia e a tecnoloxía. Dependendo do número de solicitudes planificarase o desenvolvemento das mesmas tendo en conta as limitacións de espazos e profesorado participante, e procurando manter as datas nas que no centro non hai actividade docente que precise dos laboratorios (Xaneiro e Maio).

Tamén se ofertará a posibilidade da asistencia de profesores da Facultade os Centros de ensino, aínda que esta actividade xa se está realizando, por parte do noso profesorado, no programa A Ponte polo que sempre son mais demandadas as visitas á Facultade.

b) Reunións para planificar a campaña de promoción das titulacións de Grao nos Institutos e Colexios.

Realizaranse as reunións necesarias para planificar o desenvolvemento das xornadas “**Ciencia para Xoves Investigadores**” co persoal implicado nas mesmas para concretar as datas, organizar horarios, actividades, rotacións de grupos de alumnos e unificar criterios de realización das actividades.

c) Realización das xornadas “Ciencia para xoves investigadores”

Nas xornadas “Ciencia para xoves investigadores 2018” se plantexan como obxectivos promocionar e divulgar as titulacións que se imparten na Facultade, así como o estímulo de novas vocacións científicas entre o estudantado de ensino medio, todo elo impulsado polo persoal da Facultade. A actividade consistirá, como en cursos anteriores, na realización de sesións prácticas en distintos laboratorios do centro, onde os estudantes desenvolveran os seus propios experimentos dirixidos polo profesorado do centro.

A temática dos experimentos a realizar é moi variada con actividades relacionadas coas ciencias da saúde e outras labores de experimentación máis propias de aplicacións físicas, químicas ou da enxeñaría.

d) Participación na Semana de Orientación Universitaria do Colexio M. Peleteiro (Santiago de Compostela)

Como xa é habitual, participárase cun relatorio de presentación do Grao en Nutrición Humana e Dietética na Semana de Orientación Universitaria organizada polo Departamento de Orientación do Colexio Manuel Peleteiro.

e) Participación nas XXV Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional XOUP-2017-18 (A Coruña).

Al igual que nos cursos anteriores promoverase a asistencia e participación dos coordinadores do Grao en Nutrición Humana e Dietética e do Grao de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais nas mesas redondas das xornadas organizadas polo Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para dar a coñecer os diferentes estudos universitarios que se ofertan na comunidade autónoma galega.

f) Participación nos ENCONTROS na Zona USC no Campus de Lugo 2018.

Organizarase a participación da Facultade nas Xornadas de Portas Abertas dos Encontros na Zona USC organizados polo Programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC” da Universidade de Santiago de Compostela, coa presentación das Titulacións do Centro e realización de actividades de ciencia recreativa nos Laboratorios da Facultade de Ciencias.

g) Outros

A Facultade estará sempre aberta a calquera outra iniciativa solicitada polos Centros de ensino medio que implique a presentación dos seus títulos aos futuros estudantes universitarios, ou a participación en actividades que favorezan o estímulo de novas vocacións científicas entre os seus estudantes.

3.3 Relación de participantes

O persoal que vai a participar no presente curso académico inclúese a continuación:

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Rosa M. Peña Crecente	Coordinadora do Programa “A Ponte” da Facultade e da Campaña de Promoción.
Gerardo Pereira Gonçalves	Coordinador do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais - Profesor do Dpto. de Enxeñaría Química
Jesús Casabiell Pintos	Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética - Profesor do Dpto. de Fisioloxía
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro - Profesora do Dpto. de Química Física
Juan A. Díaz Pazos	Profesor do Dpto. de Bioloxía Animal
Ramiro Barcia Viéitez	Profesor do Dpto. de Bioquímica e Bioloxía Molecular
María José Vázquez Vila	Profesor do Dpto. de Enxeñaría Química
Francisco Fraga López	Profesor do Dpto. de Física Aplicada
Jesús Blanco Álvarez	Profesor do Dpto. de Microbioloxía e Parasitoloxía
Carlos Herrero Latorre	Profesor do Dpto. de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
Julia Barciela García	Profesora do Dpto. de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
Sagrario García Martín	Profesora do Dpto. de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
Jorge Carrazana García	Profesor do Dpto. de Química Física
José Vázquez Tato	Profesor do Dpto. de Química Física
Mercedes Novo Rodríguez	Profesora do Dpto. de Química Física

Wajih Al-Soufi	Profesor do Dpto. de Química Física
Marcelino Maneiro Maneiro	Profesor do Dpto. de Química Inorgánica
Juan Manuel Ortigueira Amor	Profesor do Dpto. de Química Inorgánica
Laura Rodríguez Silva	Profesor do Dpto. de Química Inorgánica
Julio Seijas Vázquez	Profesor do Dpto. de Química Orgánica
Pilar Vázquez Tato	Profesora do Dpto. de Química Orgánica
Enrique González Araujo	Técnico de laboratorio
Manuel Abuín Ratón	Técnico de laboratorio
José Manuel Varela Castro	Secretaría do Decanato

Así mesmo, tal como se veu facendo en anos anteriores, enviarase unha nova solicitude de colaboración ó persoal da Facultade (profesores, persoal e alumnos da mesma) por si alguén máis quere participar na presente campaña ou propoñer calquera outra iniciativa orientada a promoción da Facultade que poida ser incluída no Plan de Captación anual.

4. Planificación de Actividades – Mestrados

4.1 Cargos responsables.

Decano Facultade.

Coordinadores de mestrados.

4.2 Actividades a desenvolver.

a) Promoción dos mestrados nos centros universitarios do Campus de Lugo

Faranse actividades de promoción do MPRL e SM e do MINSTA entre o alumnado de últimos cursos dos centros universitarios do Campus Terra, con especial incidencia naqueles centros que dispoñen de titulacións contempladas na admisión dos estudos de mestrado que se imparten na Facultade.

b) Presentación do MPRL e SM e do MINSTA nas campañas de promoción de mestrados levadas a cabo pola USC

Asemade os mestrados don noso centro estarán presentes nas actividades de promoción específicas levadas a cabo polas USC, tales como presentación da oferta, presenza en Feiras, etc.

c) Presentación do MPRL e SM nas reunións anuais da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais

Realizaranse presentacións da oferta de MPRL e SM no ámbito do Congreso da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais, foro de reunión anual de reunión de profesionais relacionados coa prevención de riscos.

Ademais, a SGPRL fará unha divulgación da oferta do Máster que se imparte na Facultade entre tódolos seus asociados.

4.3 Relación de participantes

O persoal que vai participar no presente curso académico inclúese a continuación:

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Carlos Herrero Latorre	Coordinador do Mestrado en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental (MPRL e SM)
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador do Mestrado en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA)